

## TEMA 11.

### A PROSA DE FINS DO SÉCULO XX E COMEZOS DO XXI. TEMAS E AUTORES DOS OITENTA E DOS NOVENTA. PROSISTAS E TENDENCIAS ACTUAIS MÁIS RELEVANTES.

---

Durante as últimas décadas do século XX a narrativa galega caracterízase por un **aumento considerable de escritores novos e polo importante volume de obras que ven a luz cada ano**. É este un período de mudanzas que creou na narrativa galega grandes expectativas por mor dos **espazos de liberdade** gañados, concretados nos seguintes feitos:

- a) A **escolarización en galego** propiciou o aumento de lectores (*literatura de instituto*). Estes novos lectores favoreceron tamén que as editoriais puxesen no mercado **traducións** de coleccións de literatura infantil e xuvenil doutras linguas.
- b) A aparición de **novas editoriais**: Xerais (1979), Sotelo Blanco (1981), Ir Indo (1985), , A Nosa Terra (1987), Eds. do Cumio (1989) etc.
- c) A convocatoria de **premios e concursos** que serviu para promocionar a produción editorial narrativa en galego. Desde as institucións públicas creáronse numerosos premios (o “Blanco Amor”, o “Xerais”, o “García Barros”, etc.)
- d) O **labor divulgativo** dalgunhas **páxinas literarias** dos principais **xornais** achegou a produción literaria en galego ao gran público (o “Faro das Letras” de Faro de Vigo ou o “Caderno de cultura” de “La Voz de Galicia”, etc.)
- e) A aparición de **publicacións** destinadas á **promoción da literatura** galega en xeral e á narrativa en particular e á **crítica literaria** (“Guía dos libros novos”, “Biblos”, “Boletín Galego de Literatura”, etc.)

Nesta narrativa finisecular distinguimos dous períodos nos que destacan unha serie de liñas temáticas:

l) **A NARRATIVA DOS 80.**

- a) **Novela memorialística** instalada na memoria do pasado infantil ou xuvenil. Constitúe unha temática baseada no retrato realista e nostáxico dunha xeración que retorna á súa mocidade como un paraíso perdido.

Sobresaen: **Xabier Alcalá , *A nosa cinza*.**

**X.M. Martínez Oca, *Un ano e un día*.**

- b) **Novela histórica**, unha das liñas de maior fecundidade nesta etapa. É unha narrativa que dá conta do pasado histórico nun intento de recuperar os nosos sinais de identidade. Temos varios subtemas:

\*O **tema da guerra civil**, moi tratado tamén nos 90, con novelas como ***Os mortos daquel verán***, de **Carlos Casares**.

\*O tema da **recreación da Idade Media** protagonista de novelas como:

***O triángulo inscrito na circunferencia***, de **Víctor Freixanes**,

***Xa vai o griffón no vento***, de **Alfredo Conde**,

***Un home de Vilameán***, de **Xoán Bernárdez Vilar**.

\* A **recreación do espazo migratorio das Américas**. Destaca: **Xavier Alcalá** coas obras, ***Latitude austral*** ou ***Contos das Américas***.

- c) **O relato policial**, de grande éxito tamén nos 90, tivo o seu despegue con:

***Crime en Compostela***, de **Carlos Reigosa**

- d) A **narrativa experimental**, caracterizada pola fragmentación e a ruptura discursiva. Adquire gran importancia neste xénero o monólogo interior, o ton coloquial e as frecuentes referencias á linguaxe audiovisual. Con ela os autores pretenden captar as contradicións e os conflitos da sociedade dos 80. Destaca:

**Suso de Toro, *Land Rover***

- e) **Temática artúrico-cunqueiriana**, herdeira da vella tradición medieval e da súa reformulación por Cunqueiro, conxugando

o tema artúrico con elevadas doses de imaxinación (realismo máxico). Unhas veces de maneira épica e outras alegórica, utiliza os mitos artúricos para reivindicar a realidade nacional galega. Destacan seguindo estas liñas:

***Galván en Saor*, de Darío Xohán Cabana**

***Amor de Artur*, de X. L. Méndez Ferrín.**

## II) **A NARRATIVA DOS 90.**

Se a década dos 80 supuxo o despegue do xénero narrativo, os 90 e os inicios do século XXI, consolidan algunhas tendencias temático-estilísticas como o relato curto, o policial e a novela histórica. Do mesmo xeito, aparecen novas modalidades e experimentos que procuran un punto de encontro entre a narración literaria e outros xéneros, utilizando unha gran variedade de rexistros estilísticos e lingüísticos. Destacamos as seguintes direccións:

a) **Persistencia da novela histórica**, sobre todo na temática da Guerra Civil e as súas consecuencias.

***O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas**

***Agosto do 36*, de X. Fernández Ferreiro**

***O home sen nome*, de Suso de Toro**

***Pensa nao*, de Anxo Angueira...**

b) **A novela negra** de intriga policíaca ou xénero detectivesco, pensado para o consumo xuvenil, que coñeceu unha gran expansión nesta década. Destacamos:

***Ambulancia*, de Suso de Toro**

***Non hai misericordia*, de Xelís de Toro**

***A praia dos afogados/Ollos de auga*, de Domingos Villar**

c) A novela **de aventuras**, pouco cultivada ata finais do século XX, onde comezou a ter unha maior presenza con títulos como: ***Morning Star*, de Xosé Miranda,**

***A expedición do Pacífico*, de Marilar Aleixandre.**

d) O xénero de **ciencia-ficción**, que teñen cultivado entre outros:

**Agustín Fernández Paz, *O centro do labirinto*,  
Suso de Toro, *A sombra cazadora*.**

- e) O xénero **de misterio ou de terror**, con obras influenciadas polos contos da lareira de Ánxel Fole (realismo mítico ou popular) como: ***Tres historias para ler á noite***, de Paco Martín; ou obras máis de terror psicolóxico como ***Trece badaladas***, de Suso de Toro;  
ou novelas máis destinadas ao público xuvenil como ***Gárgola***, de Vila Sexto e ***Aire negro*** ou ***Cartas de inverno***, de Agustín Fernández Paz.
- f) Temática **urbana e experimental**. O afán desta liña narrativa é buscar novas fórmulas mediante a exploración de mundos narrativos infrecuentes nas nosas letras (marxinalidade urbana, contracultura).  
***Tic Tac***, de Suso de Toro  
***Terminal***, de Xelís de Toro  
***Freedom Spik***, de Jaureguizar  
***Días contados***, de Xosé Cid Cabido, son exemplos de novelas complexas e de experimentación formal.  
En conexión con estas fórmulas cabe destacar como fenómeno recente a **narrativa bravú** ou neocostumista, movemento formado por **Manuel Rivas, Jaureguizar e Xurxo Souto** que se caracteriza pola descrición dos dramas sociais: o paro, a transformación irracional do rural, a violencia, a incomunicación.... todo isto baixo unha aparencia antiliteraria.
- g) O xénero **humorístico**. O humor é unha constante en moitas narracións, sobre todo como fórmula para fuxir dunha realidade traumática e cruel, aínda que máis que humor sexa a ironía, a parodia e ás veces o esperpento, o que se utiliza para provocar a crítica social, ***Erros e Tánatos***, de Gonzalo Navaza  
***As baleas de Eduardo Reinoso***, de A. Álvarez Cáccamo, son algúns títulos e autores que fan do humor un elemento narrativo importante.

